

Aviso legal – Condicións Xerais de Uso

As presentes Condicións Xerais teñen por obxecto regular as condicións de uso do Sitio Web “www.jesuitas.es” (en adiante, “a web”), cuxo titular é COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA CANONICA DE ESPAÑA CURIA (en adiante, COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA), con CIF R2800224D, domicilio en Avda. de la Moncloa, 6. – 28003 Madrid, e inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza Ref -922-a-SE/B, coa que se pode pór en contacto a través de jesuitas@jesuitas.es e do teléfono 91 5344810.

1. Condicións de acceso.

A finalidade desta web é facilitar información sobre a nosa actividade. A súa utilización supón a aceptación plena polo Usuario destas condicións, polo que se non está de acordo co contido das mesmas deberá absterse de facer uso da web, así como dos servizos ofrecidos nela. COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA resérvase o dereito a efectuar as modificacións que estime oportunas, podendo modificar, suprimir ou incluír, sen previo aviso, novos contidos e/ou servizos, así como a forma en que estes aparezan presentados e localizados e as condicións de uso da web.

O Usuario acepta que o acceso e uso da web e dos contidos incluídos na mesma ten lugar libre e conscientemente, baixo a súa exclusiva responsabilidade, e en consecuencia comprométese a:

- Non utilizar a web para a realización de actividades contrarias á lei, á moral, á orde pública, en xeral, e facer un uso lícito e honrado conforme ás presentes Condicións Xerais, así como absterse de realizar calquera acto que puidese danar, inutilizar, sobrecargar ou deteriorar a web e/ou impedir o normal uso e utilización por parte do resto dos Usuarios.
- Non manipular ou alterar calquera contido da web sen o consentimento expreso e por escrito do seu titular. Calquera alteración, modificación ou manipulación sen o consentimento do seu titular, exime a este de responsabilidade algunha.
- Non reproducir, copiar, distribuír, comunicar publicamente, transformar ou modificar os contidos, a non ser que se conte coa preceptiva autorización do titular dos correspondentes dereitos ou resulte legalmente permitido; así como suprimir, eludir ou manipular o Copyright e outros datos identificadores dos dereitos da COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA ou dos seus titulares incorporados ós contidos, así como os dispositivos técnicos de protección, ou calquera mecanismo de información que puidese conter os mencionados contidos.
- Non introducir ou difundir na web programas de datos (virus ou calquera tipo de software de carácter nocivo) susceptibles de provocar danos na web. COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA non garante a dispoñibilidade e continuidade da web nin se fai responsable de calquera danos e prexuízos que poidan producirse, nin dos defectos técnicos, incluídos virus ou outros elementos lesivos, calquera que sexa a súa natureza, derivados do uso da información e das materias contidas na web.

2. Responsabilidades.

O Usuario responderá dos danos e prexuízos de toda natureza que COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA ou calquera terceiro poida sufrir como consecuencia

do incumprimento de calquera das obrigas ás que queda sometido polas presentes Condicións Xerais.

COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA non asume ningunha responsabilidade nin realiza ningún control sobre os posibles hipervínculos que conteña a web a contidos externos á mesma; porén, retirará aqueles enlaces que inclúan contidos ilícitos tan pronto como poida coñecelo.

3. Propiedade Intelectual e Industrial.

O Usuario reconece que todos os contidos da web e, en concreto, de toda a información e materiais, estrutura, selección, ordenación e prestación dos seus contidos, programas e desenvolvemento de aplicacións utilizados en relación con eles, están protexidos por dereitos de propiedade intelectual e industrial, propiedade do titular da web ou, no seu caso, de terceiros.

En ningún caso o acceso ós mesmos ou a súa utilización por parte do Usuario implicará ningún tipo de renuncia, transmisión ou cesión total nin parcial dos mencionados dereitos, ni confire ningún dereito de utilización, alteración, explotación, reprodución, distribución ou comunicación pública sobre tales contidos sen a previa e expresa autorización especificamente outorgada a tal efecto por parte de COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA ou do terceiro titular dos dereitos afectados.

COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA é titular dos elementos que integran o deseño gráfico da súa web, os menús, botóns de navegación, o código, os textos, imaxes, texturas, gráficos e calquera outro contido da páxina web ou, noutros casos, dispón da correspondente autorización para a utilización de ditos elementos.

Tódalas marcas, nomes comerciais ou signos distintivos mostrados nesta páxina son propiedade de COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA e/ou de terceiras empresas. Prohíbese usalos ou descargalos permanentemente, copialos ou distribuílos por calquera medio sen o preceptivo consentimento do seu titular.

No caso de que calquera Usuario ou un terceiro consideren que calquera dos contidos foi introducido na web con violación dos seus dereitos de Propiedade Intelectual ou Industrial deberá enviar unha notificación a COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA identificándose a si mesmo e o titular dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial supostamente infrinxidos, aportando título ou acreditación da representación dos mencionados dereitos.

4. Confidencialidade.

Toda información que calquera das partes comunique ou facilite á outra ou á que teña acceso calquera delas, será considerada confidencial e non poderá ser divulgada, mostrada, reproducida, copiada, discutida con terceiros, ni empregada por ningunha das partes para fines alleos ós que motivaron a súa comunicación.

5. Lexislación aplicable e xurisdición.

As presentes Condicións Xerais rexeranse polo disposto na lexislación española. Para cantas cuestións puidesen suscitarse entre as partes en relación coa interpretación e execución do presente documento, ambas as partes acordan de forma expresa e con renuncia de calquera outro foro que puidera corresponderlles, á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Madrid.

© Copyright 2016 COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA CANONICA DE ESPAÑA CURIA – Tódolos dereitos reservados.

Política de Cookies

Co obxecto de prestar un mellor servizo, COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA DE ESPAÑA pode almacenar no ordenador do Usuario pequenos ficheiros de información denominados cookies, utilizados para o correcto funcionamento dalgúns dos servizos que se ofrecen, así como para realizar estatísticas de uso, diagnosticar problemas na web, e para a administración dalgúns dos servizos ofrecidos. Para limitar ou restrinxir a admisión de cookies no seu equipo, o Usuario pode configurar o seu navegador a estes efectos. Para máis información, por favor visite a nosa política de cookies.

Política de Privacidade

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle de que os datos persoais que nos proporcione, vía web, serán tratados coa finalidade de dar contestación, no seu caso, á súa solicitude de información. Para o exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición deberá dirixirse ó responsable do ficheiro, COMPAÑÍA DE JESÚS PROVINCIA CANONICA DE ESPAÑA CURIA, no enderezo: Avda. de la Moncloa, 6. – 28003 Madrid.